

SEMINARIOS DE CREACIÓN DE EMPREGO A TRAVÉS DA ECONOMÍA SOCIAL					
OBRADOIRO: FORMACIÓN COOPERATIVA E DE ECONOMÍA SOCIAL PARA PERSOAS EMPRENDEDORAS					
DATA INICIO	14/11/2016	DATA FIN	17/11/2016	DURACIÓN	20 horas
HORARIO		9:30 – 14:30 horas			
LUGAR CELEBRACIÓN:		Espacio coworking municipal Accede Papagaio Calle Hospital 19, bajo. 15001 A Coruña			
Persoa de contacto	Nuria González Rodríguez	teléfono	986136 592		
		e-mail	nuria@ugacota.coop		
Obxectivos:					
- Achegar o modelo empresariais da economía social e o cooperativo en particular á cidadanía e en especial a persoas desempregadas que queren coñecer as fórmulas do autoemprego colectivo. - Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo as fórmulas empresariais da economía social. - Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas. - Coñecer a experiencia real dunha cooperativa/sociedade laboral en funcionamento.					
PROGRAMA:					
Módulo 1.- O emprendemento colectivo.					
Módulo 2.- As fórmulas empresariais da economía Social. O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.					
Módulo 3.- Organización e financiamento.					
Módulo 4.- Experiencia dunha entidade da economía social.					
CONTIDOS:					
1ª sesión.- Presentación de Ugacota e actividades do convenio. O emprendemento colectivo fronte a outras formas de emprego. O emprendemento na economía social e en cooperativa: Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora. As cooperativas e sociedades laborais fronte a outros tipos de empresas.					
2ª sesión.- Principios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado. Aspectos propios das cooperativas de traballo asociado.					
3ª sesión.- A organización nas sociedades cooperativas. O réxime económico e fiscal nas cooperativas. A viabilidade económica e societaria.					
4ª sesión.- Proceso de constitución. Presentación dunha experiencia da economía social por persoas integrantes da mesma. Avaliación do obradoiro					
METODOLOXÍA					
O obradoiro desenvólvese cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o aprendizaxe das persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades prácticas e exercicios de reflexión e debate, promovendo o traballo en equipo e a participación de todo o alumnado.					
DIRIXIDO A					
Persoas desempregadas que queren coñecer a oportunidade que a economía social e o cooperativismo lles brinda como forma de acceder ao mercado de traballo a través do autemprego; persoas activas que buscan outra forma de traballar; alumnado de obradoiros de emprego, escolas obradoiros e últimos ciclos formativos na búsqueda de posibilidades laborais.					
Grupo mínimo: 12 persoas					
Grupo máximo: 25 persoas					